

Resolución núm. 2021/12863

RESOLUCIÓN

Cese de don Fernando Antonio Rodríguez Méndez, como "Asesor de Comunicación"

Mediante resolución da Presidencia número 2019/3754, de data 28/06/2019, nomeouse, como persoal eventual adscrito ao Gabinete de Presidencia, a don Fernando Antonio Rodríguez Méndez como Asesor de Comunicación.

De conformidade co establecido no artigo 104.5 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, e o artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que regulan ao persoal eventual, o seu nomeamento e cese é libre e corresponde a Presidencia da entidade local. Así se recolle tamén nos artigos 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e 29 a 32 e o artigo 201 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Polo exposto, DISPOÑO:

- 1.- Acordar o cesamento de don Fernando Antonio Rodríguez Méndez como "Asesor de Comunicación" da Deputación Provincial de Ourense, con efectos dende o día 31 de decembro de 2021.
- 2.- A presente resolución será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa notificación ao interesado.
- 3.- Notificar a presente Resolución ao interesado, así como á Intervención desta Deputación, a os efectos legalmente establecidos.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electrónicamente por JOSE
MANUEL BALTAR BLANCO
Presidente da Deputación de Ourense
28/12/2021 - 13:40:42

Asinado electrónicamente por
ADAMANTINO BARREIRO GARCIA
Vicesecretario Xeral
28/12/2021 - 14:20:27